



Recomendación dirixida á Universidade de Santiago de Compostela para que revise os seus protocolos de prevención e resolución de procesos de acoso psicolóxico laboral

Expediente: D.3.Q/64009/16

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017

Sr. reitor:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. ■■■

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que quería denunciar á pasividade dos órganos competentes da Universidade de Santiago de Compostela para depurar as responsabilidades nas que incorreron as persoas responsables dos servizos internos da universidade (nomeadamente, o Servizo de Vixilancia da Saúde e a Comisión de Resolución de Conflitos) ao constar acreditado nun procedemento xudicial con sentenza firme unha mala praxis por parte das unidades o servizos implicados. Esta falta de rigor e as deficiencias nos protocolos e mecanismos de investigación da Universidade de Santiago de Compostela afectaron gravemente á persoa que promove este expediente, con unha clara lesión do dereito fundamental ao seu honor e propia imaxe. A Reitoría, a Secretaría xeral, o Comité de Seguridade e Saúde e a Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela coñecen todas as circunstancias do caso, sen que conste a adopción de medidas de resarcimento, a apertura de informacións reservadas ou a incoación de expedientes disciplinarios contra as persoas responsables.

Ante iso requirimos informe a esa Reitoría, que xa nola remitiu. Mantívose unha reunión co Valedor da Comunidade Universitaria para valorar conxuntamente o informe da USC –tendo en conta a súa previa tramitación dun escrito do interesado–, e o contido desta resolución.

#### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da universidade, cómpre facer as seguintes consideracións:

É evidente a gravidade dun tema como o acoso laboral. É inadmisíbel que se produza ningún tipo de acoso e isto fai comprensíbel e necesario que se poñan en marcha todos os mecanismos establecidos para a detección e a eliminación destas condutas. Isto non pode ter como consecuencia, en modo algún, vulnerar a presunción de inocencia e as garantías legais no relativo aos dereitos de contradición e defensa nestes procedementos. Se resulta grave constatar un caso, é igualmente grave non detectar de xeito inmediato unha acusación falsa ou infundada.

A realidade constatada neste expediente de queixa é que os protocolos da Universidade de Santiago de Compostela para este tipo de casos permitiron que na tramitación efectuada polo Delegado de Prevención se lle dese curso a un escrito sen firma de ningunha das tres traballadoras supostamente implicadas, o que evidencia unha grave irregularidade inicial; que no informe da CRC se propuxera que se determinasen os posibles responsables do accidente laboral por acoso, segundo diagnóstico do SVS e se iniciase un expediente disciplinario contra a persoa que promoveu esta queixa e o director do RIAIDT baseándose unicamente nas manifestacións ou “versión” que aportou á interesada; que a actuación das persoas responsables do Servizo de Vixilancia da Saúde e da Comisión de Resolución de Conflitos estivo influída, según manifesta o informe da Universidade de Santiago de Compostela, pola actuación da traballadora e que non foi completa como a que tivo a maxistrada á vista das actuacións do expediente disciplinario e as declaracións de testemuñas, que confirmaron que non se produciu acoso laboral algún na Unidade.

Diso só cabe deducir que non houbo unha actuación imparcial destes servizos que preservase coidadosamente a presunción de inocencia e os diversos bens xurídicos en conflito senón que as garantías legais dunha das partes foron sacrificadas sen máis elemento de proba que a declaración e os test realizados pola traballadora que denunciou o acoso. A forma de realización destes test foi tamén claramente inadecuada e irregular, aspecto que o protocolo, na súa actual configuración, tampouco evitou.

Neste sentido, a institución do Valedor do Pobo considera que a Universidade de Santiago de Compostela debe analizar o escrito de conclusións presentado polo propio letrado da universidade, na representación que posúe de dita administración, presentado perante o Xulgado do Social nº 3 de Santiago de Compostela. Nese escrito de conclusións o letrado examina e avalía a proba practicada. Máis aló do que fose resolto na vía xudicial sobre a base do solicitado na demanda, a Universidade de Santiago de Compostela ten que esclarecer as

responsabilidades personais que necesariamente se derivan da valoración contida no apartado 2 do escrito de conclusións do letrado da Universidade de Santiago de Compostela.

O feito de que todo o procedemento seguise adiante sen valorarse en ningún momento a posibilidade dunha falsa imputación fai que revista particular urxencia a revisión dos protocolos da Universidade de Santiago de Compostela. O obxectivo ten que ser tanto garantir que non quede sen detectar, previr ou eliminar calquera caso de acoso laboral como garantir igualmente que ningún traballador ou traballadora da universidade poida ver lesionado o seu dereito á honra por unha actuación dos correspondentes servizos movida polo exceso de celo, os prexuízos ou unha aplicación inadecuada dos instrumentos internos de investigación e avaliación deste tipo de casos.

Con toda seguridade, en moitos casos a actuación destes servizos e unidades detectou ou impediu supostos de acoso. Neste caso, fíxose de forma irregular e lesiva dos dereitos da persoa que promove este expediente. Por tal motivo, a universidade debería depurar as responsabilidades en que incorreron as persoas que interviron desde eses servizos, nos termos que especifica con toda claridade o escrito de conclusións do letrado da propia universidade ao que xa nos referimos.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Reitoría a seguinte recomendación:

-Que se inicie de forma inmediata a mellora e revisión do Protocolo de prevención e resolución de procesos de acoso psicolóxico nas relacións laborais da Universidade de Santiago de Compostela para garantir que non poidan repetirse no futuro os feitos que deron lugar a esta queixa e ao propio tempo, asegurar o seu correcto desenvolvemento na detección de calquera caso de acoso psicolóxico nas relacións laborais da Universidade, corrixindo as eivas postas de manifesto neste caso.

-Que a Universidade de Santiago de Compostela depure as consecuencias das actuacións dos responsables de determinadas unidades ou servizos, cando a propia administración universitaria, a través da súa asesoría xurídica, puxo en cuestión e impugnou os informes da Comisión de Resolución de Conflitos, do Servizo de Vixilancia da Saúde e do Servizo de Prevención de Riscos.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo